



XUNTA DE GALICIA

DELEGACIÓN TERRITORIAL  
DA CORUÑA

Xefatura Territorial da Consellería de  
Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

Edificio Administrativo Monelos  
Rúa Vicente Ferrer, 2  
15008 A CORUÑA

galicia

FELIX PENA CALVO  
ASOCIACION SAÚDE MENTAL FERROL, EUME E ORTEGAL.  
ASOCIACION DE FAMILIARES E PERSOAS CON ENFERMIDADE MENTAL  
RÚA RÍO SIL, 1-3 BAIXO  
15570 NARON

**Código:** 110130

**Asunto:** Resolución de inscripción de modificación de estatutos.

Con data 17/08/2016 recibíuse solicitude de inscripción da modificación dos estatutos, formulada polo presidente da **ASOCIACION PORTA NOVA PARA FAMILIARES Y AMIGOS DE ENFERMOS SIQUICOS DEL AREA DE SALUD DE FERROL**, inscrita no Rexistro Provincial de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, co **núm. 1995/004003-1ª**, e tendo en conta os seguintes FEITOS:

**Primeiro.** Xunto coa solicitude de inscripción presenta certificación do acordo adoptado pola Asemblea Xeral o 2/07/2016, así como o texto integro dos estatutos que substitúen aos anteriormente inscritos e que conteñen os requisitos esixidos na normativa vixente. Constan entre outros o novo nome que pasa a ser **ASOCIACION SAÚDE MENTAL FERROL, EUME E ORTEGAL. ASOCIACION DE FAMILIARES E PERSOAS CON ENFERMIDADE MENTAL**

#### CONSIDERACIÓNS LEGAIS

**Primeiro.** O artigo 22 da Constitución española reconece o dereito de asociación, a Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo reguladora do dereito de asociación, reconece e regula o dereito de asociación e o Real decreto 949/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro Nacional de Asociacións, establece os requisitos substantivos e de carácter formal que deben cumprir este tipo de entidades para seren inscritas.

**Segundo.** O Decreto 336/1996, do 13 de setembro, da Xunta de Galicia, sobre asunción de funcións e servizos pola Comunidade Autónoma de Galicia en materia de asociacións, e o Decreto 276/1997, do 25 de setembro, polo que se crea o Rexistro Central de Asociacións e se regula a organización e o funcionamento dos rexistros de asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, determinan a competencia rexistral desta Administración en materia de asociacións.

**Terceiro.** En aplicación desta normativa, unha vez examinada a documentación incorporada ao expediente, considérase que cumpre os requisitos establecidos na normativa para a súa inscripción no Rexistro de Asociacións da Comunidade Autónoma.

**Cuarto.** A xefa territorial da Coruña é competente para resolver este procedemento, en virtude do Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Vistos os preceptos legais citados e demais normas de xeral aplicación, **RESOLVO:**

Inscribir os estatutos modificados da **ASOCIACION SAÚDE MENTAL FERROL, EUME E ORTEGAL. ASOCIACION DE FAMILIARES E PERSOAS CON ENFERMIDADE MENTAL** e depositar no rexistro a documentación preceptiva sinalada no feito primeiro desta resolución, para os efectos de publicidade previstos no artigo 22 da Constitución. Esta inscripción non exonera os interesados do cumprimento da normativa vixente reguladora das actividades necesarias para o desenvolvemento dos fins estatutarios.

Contra a presente resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no prazo dun mes.

A Coruña, 22 de decembro de 2016

A xefa territorial



María Barreiro Lázare



REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA  
REGISTRO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DA CORUÑA  
A CORUÑA

SAÍDA 180354 / RX 1863992

Data 23/12/2016 13:04:56

